



Anembe foi da tradición ao futuro na nova edición do seu congreso nacional

A asociación de buiatras de España retomou, tras catro anos en pausa pola situación sociosanitaria primeiro e pola celebración do World Buiatrics Congress despois, a súa reunión nacional habitual a finais de maio. As novas tecnoloxías, as actualizacións máis destacadas na práctica veterinaria e as novidades en lexislación centraron o programa.

En resposta ao lema da edición, “Da tradición á buiatría do futuro”, o XXV Congreso Internacional Anembe de Medicina Bovina organizado pola Asociación Nacional de Especialistas en Medicina Bovina de España (Anembe) en León do 24 ao 26 de maio, combinou nas súas conferencias os últimos avances tecnolóxicos cos aspectos máis destacados da veterinaria tradicional. Así mesmo, houbo un terceiro bloque de charlas que causou grande interese entre os asistentes, o cal estivo dedicado ás actualizacións e os puntos máis destacados da lexislación relativa á profesión veterinaria.

O CONGRESO, EN CIFRAS

“Nas últimas edicións sempre nos movemos ao redor dos 700 inscritos, digamos que agora é o dato que buscamos alcanzar”, explicou o presidente de Anembe, Juan Carlos González. Esta vez, a cifra pasou os 750 congresistas, aos que se sumaron os máis de 200 representantes dos case 50 laboratorios e casas comerciais que patrocinaron este ano o evento: “Tivemos as salas ao completo, a exposición comercial chea... co cal, creo que estamos nun bo momento”, celebrou González.

No que respecta ao contido, na vixésimo quinta edición desta reunión buiatra ofrecéronse medio cen-

to de relatorios, os cales estiveron encabezados por vinte e nove oradores de referencia nacional e internacional. A maiores, presentáronse 84 comunicacións orais e pósters –que, nesta ocasión, foron expostos de maneira dixital, en pantallas táctiles repartidas por todo o recinto.

“As salas das comunicacións orais estiveron repletas, polo que o próximo ano trataremos de darlles máis preponderancia e ofrecer espazos con aforamentos maiores”, apuntou González. Tamén resaltou a boa acollida que tiveron entre os congressistas as conferencias do bloque legislativo: “Era esperable, sobre todo tras a recente publicación da normativa do veterinario de explotación; nalgunhas charlas quizais mesmo se nos quedaron as salas pequenas, pero todas as exposicións están gravadas e poñeranse a disposición dos nosos socios para que poidan ver aquelas ás que non puideron asistir”, adiantou o portavoz da asociación.



Na súa valoración, Juan Carlos González, presidente de Anembe, afirmou que a asociación en xeral e o congreso en particular se atopan nun bo momento

► ESTA EDICIÓN COMBINOU OS ÚLTIMOS AVANCES TECNOLÓXICOS COS ASPECTOS MÁIS DESTACADOS DA VETERINARIA TRADICIONAL

MÉRORES: PROFESIONAIS MULTITASKING, IA E TECNOLOXÍA DE PRECISIÓN EN BOVINO

Como antesala do congreso, o mércores 24 en horario de mañá tivo lugar no Censyra un seminario sobre procesamento para a conxelación de seme en campo a cargo do asesor Guillermo Brogliatti e outra exposición no paraninfo da Facultade de Veterinaria de León, na que participaron o investigador do Instituto Gandeiro de Montaña-CSIC Francisco Javier Giráldez, a doutora Aurora Villarroel e vogais da xunta de Anembe.

Á primeira hora da tarde deron comezo os relatorios no Palacio de Congresos da cidade cos doutores Douglas Shane (Universidade Estatal de Kansas), que abordou a importancia dos profesionais interdisciplinares, e Sonia Martí, do Instituto de Investigación e Tecnoloxía Agroalimentarias (IRTA), que se centrou nos indicadores de calidade e nos biomarcadores do encalostrado. Seguidamente, Víctor Cabrera (Universidade de Wisconsin-Madison) falou da mellora da nutrición en rabaños leiteiros mediante a aplicación da intelixencia artificial, a integración de datos e a alimentación de precisión. Pola súa banda, a doutora Martí seguiu cunha segunda charla sobre biomarcadores da integridade intestinal en xatos lactantes. A primeira parte da sesión vespertina finalizou con dúas exposicións a cargo da doutora Aurora Villarroel (Athyr Vet. LLC.) e de Alberto Jurado (Covap), tituladas “Como usar datos das novas tecnoloxías para diagnosticar enfermidades en vacas de leite” e “A importancia do *time budget* en ganderías de alta produción”, respectivamente. ►►



DEBATE E PRESENTACIÓN DE RAZONES PARA SER OMNÍVORO

A media tarde do mércores, o veterinario Juan Pascual presentou o seu libro *Razones para ser omnívoro*. Durante o acto houbo, así mesmo, un debate centrado nas razóns polas que un mundo vegano e sen gandería non sería mellor e enunciáronse argumentos para poder xerar conversación cos detractores da dieta omnívora.



► O TERCEIRO BLOQUE DE CHARLAS, DEDICADO ÁS ACTUALIZACIÓNS EN LEXISLACIÓN RELATIVA Á PROFESIÓN VETERINARIA, ESPERTOU O INTERESE DOS ASISTENTES

SIMPOSIOS DE EMPRESA

Como é habitual nos congresos organizados por Anembe, as empresas patrocinadoras teñen a oportunidade de convocar simposios comerciais durante o desenvolvemento do evento. Nesta ocasión, MSD Animal Health, Laboratorios Karizoo, Ceva Salud Animal, Zoetis, Ecuphar e Qualivet foron as casas que ofreceron durante a tarde do xoves charlas nas que se abordaron, entre outros aspectos, os fallos e a eficiencia reprodutiva, a nutrición e a produción en gando leiteiro, a prevención da dor e as novas tecnoloxías como ferramenta de traballo.

A media tarde houbo unha pausa nas charlas para darlle cabida á inauguración, na que participaron o alcalde de León, José Antonio Díez; o vogal de Calidade do Leite de Anembe, Jorge Eserverri, e o presidente de Anembe, Juan Carlos González.

A continuación, déronse cita Ronaldo Cerri (Universidade de Columbia Británica), que disertou sobre o uso de tecnoloxías de precisión para coñecer a fertilidade das vacas e sobre o perfeccionamento de programas reprodutivos centrados en monitores de actividade; Diego Moya (Universidade de Saskatchewan), quen repasou o uso de tecnoloxías de precisión na gandería bovina, e Andrea Puig, da Universidade de Lleida, que compartiu o relatorio “Ferramentas tecnolóxicas para a detección precoz da Síndrome Respiratoria Bovina: o futuro nas explotacións de vacún?”.

En paralelo desenvolvéronse as exposicións de Daniel Zalduendo, de Anka, centrada nas claves de manexo para lograr un gando sen estrés e na detección automática de coxeiras, e de Juan Miguel Rodríguez, da Universidade Complutense de Madrid, que recollía diversas estratexias dirixidas á saúde do ubre baseadas na microbiota e trataba a relación da microbiota dixestiva coa microbiota mamaria das vacas.

XOVES: FERRAMENTAS DE PREDICIÓN, EFICIENCIA, SUSTENTABILIDADE E NOVIDADES LEXISLATIVAS

Fernando Mazeris, de Dairy Data Warehouse, e Phil Cardoso (Universidade de Illinois) abriron a mañá do segundo día de Congreso. Mentres que Mazeris abordou as ferramentas de predición en granxas leiteiras, Cardoso aludiu aos efectos da alteración do balance enerxético no rendemento das vacas secas.

Foron sucedidos por Chelsea Gordon, de Trouw Nutrition, quen se centrou na influencia das instalacións na eficiencia dos robots de muxido e na produtividade e o rendemento do robot, e por Emiliano Raffrenato (Universidade Cornell), o cal expuxo os avances recentes na caracterización da fibra e o amidón, así como a súa achega en dietas de ruminantes.

Posteriormente, Javier de la Mata, da Universidade de La Plata, tratou o manexo da reprodución en gandería extensiva e Lisa Runsfeld (Vytelle) disertou sobre como utilizar a tecnoloxía para avanzar nos trazos que impulsan a produción sustentable máis rápido e sobre estratexias modernas para mellorar de forma sostible a produción de leite e carne de vacún.

Na súa segunda intervención, o profesor da Universidade de Illinois falou de estratexias nutricionais durante o período de transición para asegurar o éxito reprodutivo. Tras el, o asesor argentino Guillermo Brogliatti desenvolveu unha charla sobre a avaliación da calidade seminal e a súa conxelación en campo. ►►





La vaca SenseHub[®], la vaca más fresca.



LAS ALTAS TEMPERATURAS COMPROMETEN LA SALUD DE LAS VACAS Y AFECTAN NEGATIVAMENTE AL RESULTADO PRODUCTIVO Y REPRODUCTIVO EN TÉRMINOS CUANTITATIVOS Y CUALITATIVOS.



SenseHub[®] es una solución innovadora que proporciona información a tiempo real sobre el estrés por calor del grupo y comprueba el efecto de las medidas para mitigarlo.



En paralelo a estas conferencias, durante toda a mañá desenvolvéronse as exposicións centradas no ámbito legislativo, onde interviñeron os portavoces do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA) Ana Charle Crespo, María del Carmen González Martín e Odón Sobrino, xunto con Pablo No (Praza Avogados) e Fernando Asensio (Instituto de Investigación Sanitaria Gregorio Marañón). As responsabilidades do veterinario de explotación, as actividades inspectoras da Administración ou a avaliación da emisión de gases de efecto invernadoiro foron algúns dos temas tratados dentro deste bloque.

VENRES: MONITORIZACIÓN, AUTOMATIZACIÓN, PROTOCOLIZACIÓN E FUTURO DO SECTOR BOVINO

A mañá do venres comezou coas charlas de Jeffrey Bewley, de Holstein USA, e de Diego Moya (Universidade de Saskatchewan) tituladas “Un futuro leiteiro impulsado pola tecnoloxía” e “Novas ferramentas para a avaliación e mellora do benestar do vacún de engorde”.

Seguidamente, Víctor Cabrera (Universidade de Wisconsin-Madison) disertou sobre a monitorización do rendemento do rabaño leiteiro e a consultora Carolina Tejero, de MSD Animal Health, enumerou os aspectos clave do manexo nutricional nas primeiras idades.

Así mesmo, Liliana Fadul, de Lactanet, realizou unha clasificación das vacas segundo o seu rendemento nos sistemas de muxido automatizado e comparou o pico de lactación entre vacas en sistema de muxido automático e tradicional. Pola súa banda, o veterinario clínico e cirurxián Marco Ribotta explicou as dificultades do parto por cesárea e como resolver as distocias en vacas. Javier de la Mata, da Universidade de La Plata, presentou novos protocolos de sincronización utilizados en ganderías extensivas e Óscar Cortés, da Universidade Complutense de Madrid, compartiu as ferramentas xenómicas para a identificación de patoloxías hereditarias na raza de lida.

O relator Jeffrey Bewley volveu participar como orador nesta terceira xornada de congreso cunha charla titulada “Realidades prácticas de como facer que as tecnoloxías funcionen nas granxas” e Douglas Shane (Universidade Estatal de Kansas) enunciou ante os asistentes as razóns polas que os proxectos de tecnoloxía dixital e analítica deben centrarse no valor para o cliente.



OS GANDEIROS, PROTAGONISTAS

Esta edición do Congreso Anembe contou, como novidade, con dúas mesas redondas con gandeiros. A asociación convidou a catro produtores do sector leiteiro e a catro do sector do vacún de cebo e do extensivo para abordar con eles que é o que esperan dos seus veterinarios e que necesitan da profesión nos próximos anos.

Con isto, explicou a organización deste Congreso, a intención era darlle a volta á forma tradicional que se ten de analizar o traballo e, en lugar de expoñerse desde o propio colectivo veterinario o que se debe facer, acudir a gandeiros de diferentes zonas de España e referentes nas súas diversas áreas para que expuxesen directamente que necesitan dos seus asesores, para así alcanzar unha perspectiva máis ampla da situación e comezar a deseñar unha estratexia correcta.

A VALORACIÓN DE ORADORES E CONGRESISTAS

Alberto Ruiz, socio de Anembe practicamente desde os inicios, asegurou que a data do congreso é case ineludible: “Estamos todos desexando vir, facemos o que sexa para poder estar, o congreso é o que máis nos une”, dixo, á vez que apuntaba cara á constante actualización que levou a cabo a asociación: “No que se refire a formación Anembe sempre traballou moi ben, creo que non se entendería o mundo das vacas neste país sen estar na asociación; hai que ter en conta que só se dedica á profesión de veterinario rural de vacas o 2 % de todos os veterinarios do país, polo que reunir ano tras a ano a 700 profesionais do sector é todo un éxito”, aseverou.

Secundouno a profesora Teresa Rigau, quen afirmou que “o labor formador de Anembe axudou ao gremio moitísimo, supliu unha serie de carencias, cubriu un oco ao que non lle prestou suficiente atención a universidade”, expuxo. “Ademais, se te fixas, nos congresos que organiza Anembe hai unha dispersión de idade moi marcada e isto é moi positivo, porque quere dicir que a xente nova continúa estando interesada no mundo da vaca e en Anembe”, celebrou.

Para Sonia Martí, a decisión da organización de ofrecer conferencias centradas no futuro da profesión é unha grande aposta. “A diversidade de temáticas, así como poñer a disposición do veterinario de campo toda a información da que se dispón hoxe en día en canto a novidades e avances na granxa é unha ferramenta moi útil pola que Anembe está a apostar para ampliar o coñecemento dos seus socios”.

A valoración de congresista internacional púxo a portuguesa María Teresa Moreira, quen é unha asidua deste congreso e explicou que considera fundamentais estas reunións para seguir a evolución do sector. Describe o Anembe como unha “forma sinxela e rápida de estar actualizados e mesmo de poder presentar as nosas propias experiencias e traballos” e, sobre a oferta desta edición, remarcou a “variedade de temáticas do programa, de grande interese tanto para veterinarios de vacún de leite como de carne”.

Carolina Tejero é tamén unha asistente habitual ao congreso, no que nesta ocasión exerceu ademais como relatora. “Moitos traballamos en diferentes zonas e Anembe é o punto de

encontro para podermos ver e compartir experiencias”, asegurou. “Eu intento non perdermo porque é unha oportunidade para aprender de moitos relatores de fóra; quizais antes notabámolo máis, cando non tiñamos tantas opcións de acceder a determinada información como agora, que está dispoñible na Internet”, valorou. Así mesmo, aludiu ao elevado nivel que ten o gremio no noso país: “Temos moi bos técnicos que traballan no sector, que forman parte de Anembe, e dos que aprendemos todos. Esta profesión saíu moi enriquecida da existencia da nosa asociación”.

Pola súa banda, a doutora Aurora Villarroel enzalzou a capacidade de escoita da organización: “No Mundial había, quizais, demasiadas salas a un tempo, o que impediu que os congresistas puidesen acudir a todas as conferencias nas que estaban interesados. Tendo isto en conta, nesta edición hai menos salas paralelas. Isto é unha proba de que se escoita á xente, de que están abertos a aprender, a cambiar e a axustarse”, aplaudiu. Facendo unha comparativa cos congresos que se organizan nos Estados Unidos, onde ela traballa, sinalou que en España non imos á zaga: “Comen-

tei con compañeiros de alí que habería que tomar exemplo, porque nos congresos estadounidenses a tecnoloxía aínda non se toca, mentres que esta edición do congreso de Anembe está moi centrada na evolución tecnolóxica”, apuntou.

Diego Moya secundou esta idea: “O que vin aquí non lle ten nada que envexar a calquera reunión internacional”, afirmou. O factor diferencial do Anembe, expuxo, radica na relación de proximidade entre os asistentes: “Ao facelo de forma local, a interacción co resto dos colegas e empresas expositoras é moito máis próxima e pódete levar a unha visión máis realista de que está a acontecer e cara a onde imos. Estes congresos son como a reunión dunha gran familia”. ▶▶

OS SIMPOSIOS DE EMPRESA, EN VACA TV

Vaca TV volveu estar presente nesta reunión, na que, ademais de conversar con asistentes e relatores, deu cobertura a varias das conferencias ofrecidas polas casas comerciais patrocinadoras.

Virbac ofreceu á primeira hora da tarde o mércores unha charla na que o consultor Manuel Fernández (Cowsulting) deu a coñecer os resultados dun estudo sobre o impacto económico das células somáticas na produción dunha mostra de explotacións de Galicia segundo o seu nivel produtivo.

Por outra banda, Qualivet celebrou o xoves un simposio sobre nutrición e produción en gando leiteiro no que interviñeron a doutora Cláudia Parys, quen avaliou a biodispoñibilidade da metionina protexida, e Aurélien Thery, que presentou un novo produto baseado en sementes de liño seleccionadas polo seu contido en omega-3.

Tamén o xoves MSD Animal Health organizou unha serie de conferencias englobadas na temática “A tecnoloxía de hoxe para o veterinario de mañá”. Nelas, as veterinarias Carolina Tejero e Laura Molina expuxeron unha serie de casos prácticos de monitorización con ecografía pulmonar en granxa, exercicio que axuda a coñecer a dinámica do SRB e a identificar os puntos de intervención, mentres que Juan Pedro Campillo e David García aludiron á monitorización e á análise de datos en tempo real como claves para optimizar o tempo e mellorar a eficiencia das ganderías.



► “OS COMENTARIOS QUE NOS TRANSMITIRON EN CANTO AOS CONTIDOS E Á CIDADE ESCOLLIDA FORON POSITIVOS”

Para Fernando Mazeris este tipo de xuntanzas son “unha maneira de manter a todo o mundo realmente informado, actualizado, máis aínda cando se fai o esforzo, como o fixo Anembe, por contar coa perspectiva de relatores chegados de diferentes partes do mundo”. A esta reflexión sumouse Víctor Cabrera, quen destacou que “se buscou traer a *speakers* que verdadeiramente acheguen cousas novas e que vaian estimular o pensamento de todos os que asisten ao congreso; é un evento de primeira clase”. En canto ao *feedback* dos asistentes, explicou que se evidencia que “se trata dun grupo que está moi atento e quere capturar a maior información posible das charlas. Parece-me que hai un bo traballo nese sentido, e tamén se aprecia unha gran camaradería e capacidade para conectar co resto de profesionais”.

Pola súa banda, Pablo No valorou o feito de que nesta edición se decidise tratar o apartado lexislativo: “Páreceme fundamental. É esencial formarse tamén nesa parte porque, á fin de contas, é a relativa aos nosos dereitos como profesionais”.

Alberto Jurado definiuno como un congreso “moi profesional” e no que se xerou unha gran interacción. “É un valioso punto de encontro onde moitos veterinarios e profesionais do sector nos reunimos para poder debater sobre cara a onde imos e como podemos mellorar a vida dos gandeiros”.

Así mesmo, Phil Cardoso afirmou que “este tipo de eventos son clave para seguir progresando” e, en canto ao seu papel como orador, resaltou a importancia de tratar de xerar reflexións entre os asistentes: “O experto moitas veces lanza a pregunta, pero son os participantes os que deben chegar ás respostas e mesmo a formular outras preguntas que terminen volvendo ao relator, pechando así o círculo. Na miña opinión, congresos como este fan que esta dinámica se manteña; no momento en que non temos ese intercambio de coñecementos, o círculo rompe”.

COMUNICACIÓNS LIBRES GALARDOADAS CO PREMIO ‘CARLOS DÍAZ DE PABLO’	
<i>A sinalización directa da proxesterona ao embrión non é necesaria durante a elongación temperá do concepto</i>	Pablo Bermejo
<i>Test colorimétrico da esterasa leucocitaria para o diagnóstico de endometrites subclínicas: unha posible alternativa ao recuento celular no gando vacún?</i>	Uxía Yáñez

COMUNICACIÓNS LIBRES GALARDOADAS POR ANEMBE	
PRIMEIRO PREMIO	
<i>Uso da tecnoloxía de secuenciación de fragmentos longos Oxford-Nanopore para a caracterización da dinámica poboacional microbiana implicada na mamite bovina</i>	Leire Urrutia
SEGUNDO PREMIO	
<i>Desenvolvemento dun prototipo de vacina fronte á paratuberculose bovina</i>	Natalia Elguezabal
TERCEIRO PREMIO	
<i>Identificación de variantes xenéticas de vacas frisonas asociadas á produción de altos niveis de interferón-gamma en resposta á tuberculina aviaria</i>	Gerard Badia-Bringué



Entrega do primeiro premio a Leire Urrutia pola súa comunicación libre sobre a caracterización mediante tecnoloxía de secuenciación da dinámica poboacional microbiana implicada na mamite bovina



Homenaxe a Alicia González polos seus 25 anos traballando como secretaria de Anembe

UN CONGRESO EXPRES E DE NOTABLE

O Congreso chegou á súa fin co acto de entrega de premios ás mellores comunicacións orais e coa clausura, na que estiveron presentes a decana da Facultade de Veterinaria de León, María Teresa Corbejo, e o presidente de Anembe, Juan Carlos González. Ademais, a asociación aproveitou a ocasión para render homenaxe a Alicia González, secretaria de Anembe, polos seus 25 anos de traballo.

Este foi o primeiro congreso organizado pola nova directiva da asociación, anunciada no último trimestre de 2022, a cal, sinalou o actual presidente, tivo que preparar esta edición en tempo récord: “Empezamos en novembro a organizar un congreso que se ía celebrar en maio... foi unha xestión expés”, contou. “O ideal é ter un ano e, se fose posible, mesmo poder prever os

congresos polo menos a dous ou tres anos vista, porque é a mellor maneira de que a xente poida organizar as súas axendas e de conseguir traer os relatores que adoitan estar máis demandados”, reflexionou González.

No entanto, e facendo valoración do traballo feito, amosáronse satisfeitos co ofrecido: “Tivemos que traballar ás carreiras, facer as reservas e mobilizar rapidamente a moita xente –en cada congreso, o volume de persoas que move Anembe achégase ao milleiro–, pero creo que tanto os congresistas como os oradores estiveron moi a gusto, os comentarios que nos transmitiron en canto aos contidos e á cidade escollida foron positivos, e aínda que creo que sempre se pode mellorar, que entre todos temos capacidade para seguir facéndoo cada vez mellor, diría que esta foi unha edición de notable”. ■